

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 17 de setembro de 2009 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas previstas na Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

A Orde do 30 de decembro de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* nº 10, do 15 de xaneiro de 2009) establece na súa disposición adicional cuarta que os créditos que financian esta orde poderán ser obxecto de modificación como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento de emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo. Esta orde recolle un crédito inicial de 995.000 euros na aplicación orzamentaria 16.02.322C.470.1, código de proxecto 2009 01072, para financiar subvencións do programa de promoción do emprego autónomo con cargo ao Plan extraordinario de orientación, formación profesional e inserción laboral.

Pola Orde TIN/381/2009, do 18 de febreiro, distribúense territorialmente para o exercicio económico de 2009, para a súa xestión polas comunidades autónomas con competencias asumidas, subvencións para financiar o custo imputable a 2009 do Plan extraordinario de orientación, formación profesional e inserción laboral, aprobado polo acordo do Consello de Ministros do 18 de abril de 2008.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 30 de decembro de 2008, con cargo ao Plan extraordinario de orientación, formación profesional e inserción laboral, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posible.

Por todo o exposto e en uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 10, do 15 de xaneiro de 2009), con cargo ao Plan extraordinario de orientación, formación profesional e inserción laboral, na seguinte contía e aplicación orzamentaria, que figu-

ra dotada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322C.470.1, código de proxecto 2009 01072, polo importe de 1.269.063,06 euros.

Segundo.-Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

Resolución do 5 de agosto de 2009 pola que se resolve a concesión de subvencións para producións ou coproducións audiovisuais en lingua galega con decidido contido artístico e cultural.

Vistos os proxectos de produción ou coprodución audiovisual presentados polos interesados, de acordo co establecido na Resolución do 30 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para producións ou coproducións audiovisuais en lingua galega con decidido contido artístico e cultural e se convocan para o ano 2009.

Visto o informe de trinta de xullo de dous mil nove da comisión de valoración na cal se examinaron todos os proxectos presentados, así como o resultado da puntuación concedida a cada un dos proxectos, e a proposta de resolución acordada pola Dirección da Agadic, onde se propón que acaden a condición de proxectos subvencionables os relacionados no anexo, e a distribución do crédito entre os proxectos propostos, e respectando os límites máximos de subvención fixados tanto na convocatoria anual como nas bases reguladoras e,

De acordo co establecido no artigo 9 da Resolución do 30 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para producións ou coproducións audiovisuais en lingua galega con decidido contido artístico e cultural e se convocan para o ano 2009, esta presidencia,

RESOLVE:

Conceder as subvencións que se relacionan no anexo, consonte cos criterios establecidos na Resolución do 30 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para producións ou coproducións audiovisuais en lingua galega con decidido contido artístico e cultural e se convocan para o ano 2009, e conson-